

FIADORA DE SOÑOS

Unha viaxe teatral ao poder dos soños

Anna Cañadillas e Soraya Paradela
Intérpretes e creadoras

Dirección: **Manuel Polo**

O Baúl da Tía Tola

O BAÚL DA TÍA TOLA

Somos unha compañía teatral infantil dedicada á creación de novos mundos imaxinarios

A compañía nace no ano 2014 en Vigo coa finalidade de achegar a maxia do teatro ao público máis novo.
Neste baúl teñen cabida todos aqueles proxectos que promovan a imaxinación, a ilusión, a alegría, a curiosidade e o interese pola cultura.
Todos os nosos espectáculos son de creación propia, procurando sempre empregar materiais reciclados para as escenografías e os vestiarios.
Gústanos traballar con diferentes materiais plásticos descubrindo as súas posibilidades escénicas e dándolle protagonismo ao movemento, á xestualidade e ao son.





Visita a nosa *web*

Fiadora de soños



Unha inventora rosmona e unha rapaza chea de vida coñécense grazas a unha máquina moi especial chamada Fiadora de soños. Esta máquina fabrica cintas para soñar bonito.

Xuntas forxan unha curiosa e bonita relación de amizade.

Pero cando a rapaza descobre que a cinta funciona tamén cando está esperta, todo cambia.

Unha historia divertida e emotiva sobre a amizade, a imaxinación e o perigo de perderse nos soños se esquecemos vivir. Unha metáfora sobre as adiccións, como o abuso das pantallas, contada con humor, poesía e moita artesanía escénica.

Un espectáculo de teatro familiar creado dende o cariño, cunha escenografía feita a man, moito coidado nos detalles e un fondo que dá que pensar sen dicir que facer.


Equipo artístico

Actrices e creadoras: Anna Cañadillas e Soraya Paradela
Dirección: Manuel Polo
Dirección Coreográfica: Olga Cameselle (*aartística*)
Deseño de Luces: Javier Quintana (*JQIluminacion*)
Deseño de son: Javier Quintana
Vestiario: La Canalla (*lacanalla*)
Escenografía: Dani González

Tema “Máquina de soños”
Composición, gravación e deseño sonoro:
Julia Sánchez-Biezma González e Sandra Pérez Míguez.
Produción: Julia Sánchez-Biezma González
Mistura: Russ



Equipo técnico



Técnico en xira : Javier Quintana

Deseño gráfico e vídeo: Marcos Mosquera (moskstudio)

Fotografía: Lino Escurís (linoescurís.com)

Asesoramento escénico: Xoana Baz

Distribución: Hurlé Prods (hurléprods)

Necesidades técnicas

- **Escenario**:

Caixa escénica de 8m de ancho x 8m de fondo x 6m de alto

Cámara negra completa con aforo á italiana e chan negro

- **Son e Iluminación**

Sistema de P.A acorde ao aforo

Potencia de son 1000 W

Potencia de luz 12000 W

Descarga aquí o plano de luces:: Plano

Descarga aquí o Rider completo: Rider





Datos sobre o espectáculo

Formato/Xénero: Teatro familiar, humor e danza

Duración: 50 minutos


Idade recomendada: A partir de 5 anos

Número de Persoas en xira:

2 Actrices + 1 Técnico/a = 3 persoas en xira

Data de estrea: 11 de outubro de 2026
Auditorio Municipal de Vigo

Prezo ou caché: Contacto para obter máis detalles: *Hurle Prods.*




Contratación

Distribuidora:

Hurlé Prods

620 564 187

distribucion.constancehurle@gmail.com





Grazas!